

ANUNCIO Pág. 10597 Reg. 12068-x.

[Anterior](#)

[Siguiente](#)

### *Normativa*

Publicado no BOP núm. 203 de data 2/09/04, anuncio relativo á aprobación inicial do Regulamento do proxecto de medidas de apoio para a prevención e integración social (MAPIS), e non presentándose reclamacións durante o período de exposición pública, enténdese definitivamente aprobado, procedendo á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

O seu texto é o que segue:

## **REGULAMENTO DO PROXECTO DE MEDIDAS DE APOIO PARA A PREVENCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIAL**

### **Limiar**

O Concello de Santiago de Compostela, en exercicio das competencias atribuídas pola Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, vén desenvolvendo a través dos Servizos Sociais Municipais, actividades de promoción e reinserción social.

Por outra banda a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia (DOG nº 76, do 23 de abril de 1993) establece:

\* No título primeiro, configura os servizos sociais como un sistema integrado de protección social, orientado á prestación programada de atencións e servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e a participación na sociedade das persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención e que están na orixe daquelas situacións (artigo 4). Regula o programa de inserción social como aquel que procura dar resposta ás problemáticas concretas de marxinación e exclusión social, aplicando proxectos de traballo social personalizado (artigo 8.3).

\* O título quinto prevé, no relativo ás prestacións, axudas e subvencións do sistema público de servizos sociais, que como complemento aos servizos sociais as administracións públicas lles poderán conceder, nas condicións que legal ou regulamentariamente se establezan, prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade, e que as devanditas prestacións e axudas terán as seguintes modalidades:

a) Periódicas.

b) Non periódicas.

Así mesmo, as prestacións e axudas, ademais dos requisitos obxectivos e subxectivos que en cada caso procedan, poderán estar supeditadas a limitacións orzamentarias cando así se estableza na respectiva normativa de regulación (artigo 50).

Neste mesmo título prescríbese que as prestacións e axudas non periódicas, que terán un carácter extraordinario e finalista, estarán orientadas a superar situacións de necesidade, e que a súa xestión corresponderalles aos órganos legalmente competentes da Administración autonómica, sen prexuízo de que poida ser asumida polas corporacións locais"(artigo 52).

En virtude das facultades atribuídas nas normas de referencia, o Concello de Santiago de Compostela, na súa preocupación por garantir o benestar dos seus veciños e das Búas veciñas desenvolve o proxecto denominado Medidas de apoio para a prevención e integración social (MAPIS.) no marco do Programa de inserción social, que está sendo executado polos Servizos Sociais de Atención Primaria de acordo co Decreto 240/1995, do 28 de xullo (DOG nº 157, do 17 de agosto de 1995), polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, e no que se dispón:

\* Que o Programa de inserción social procura dar resposta a problemáticas concretas de marxinación e exclusión social aplicando tanto proxectos de traballo social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas (artigo 9.3).

\* Que o devandito programa ten por obxecto a prevención das situacións de marxinación e as súas causas e a integración e participación no medio social das persoas ou grupos máis desfavorecidos afectados polas diferentes formas de exclusión e marxinación social (artigo 15).

\* E que para a consecución dos obxectivos deste programa, levaranse a cabo actuacións dirixidas tanto á prevención de situacións de marxinación como á intervención directa en supostos concretos, a través das seguintes actividades:

- Accións de promoción e participación social.
- Accións dirixidas a facilitar o acceso, permanencia e utilización dos recursos normalizados.
- Accións dirixidas a facilitar o acceso, permanencia e utilización dos recursos específicos que se establezan.
- Xestionar as prestacións económicas e sociais establecidas, realizando seguimento e avaliación na súa aplicación (artigo 16).

## **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

## **Artigo 1%. Obxecto**

O presente regulamento ten por obxecto a creación, a ordenación e o desenvolvemento dun conxunto coordinado de medidas orientadas á loita contra a pobreza e á inserción social das persoas afectadas polas diferentes formas de exclusión e marxinación social, no marco do proxecto municipal denominado Medidas de apoio para a prevención e integración social (en diante MAPIS).

## **Artigo 2%. Accións que se van desenvolver**

O Proxecto MAPIS incorpórase ao sistema público de servizos sociais do Concello de Santiago de Compostela coas seguintes accións conxuntas:

a) Prestacións económicas municipais para a prevención e a integración social. b. Itinerario de intervención social.

## **Artigo 3%. Descrición das prestacións**

1. Para os efectos deste regulamento, enténdese por prestacións económicas municipais para a prevención e integración social, as destinadas a resolver necesidades de carácter básico e urxente, entendendo por tales as que deriven de situacións motivadas por circunstancias sociais, familiares, laborais, de enfermidade ou outras análogas, que produzan unha carencia de recursos que imposibilite o normal desenvolvemento na vida diaria, e que favorezan a integración da persoa/familia no eido comunitario a través do establecemento dun itinerario de intervención social.

As prestacións económicas teñen carácter extraordinario e constitúense como subsidiarias das de ámbito autonómico ou estatal.

2. Para os efectos deste regulamento, enténdese por itinerario de intervención social o constituído por un conxunto coordinado e programado de accións que terá como obxectivo a mellora da integración persoal, familiar e social, así como, se é o caso, a incorporación da cidadanía ao sistema laboral.

2.1. Por cada unidade familiar de convivencia independente deberá elaborarse polo menos un itinerario de intervención social.

2.2. O itinerario de intervención social, para acadar a súa finalidade, deberá integrar accións que procuren:

a) A rehabilitación persoal.

b) A estruturación familiar.

c) A motivación laboral, orientación profesional e formación ocupacional.

d) A prevención de situacións de risco e a integración no medio social, e aquelas que contribúan á consecución dos obxectivos previstos no proxecto MAPIS.

#### **Artigo 4%. Beneficiarios/beneficiarias**

Poderán participar no proxecto MAPIS as persoas e/ou familias que reúnan os seguintes requisitos:

a) Residir e ter empadramento no Concello de Santiago de Compostela con seis (6) meses de antelación á solicitude de acceso ao proxecto.

b) Ser maiores de idade ou, tendo unha idade inferior, ter menores ao cargo.

c) Ter constituída unha unidade de convivencia independente, vinculada economicamente á persoa solicitante.

Enténdense por unidade familiar de convivencia as persoas que vivan soas ou o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estábel análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao respectivamente. Malia o anterior, cando nunha unidade de convivencia existan persoas con menores ao seu cargo, considerarase que constitúen unha unidade de convivencia independente.

Cando, por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento, unha familia se vexa obrigada a residir con outra, non perderá a condición de unidade de convivencia independente.

d) Carecer de ingresos suficientes na unidade familiar para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia e non superar o límite de recursos estipulado para cada unha das modalidades das prestacións económicas establecidas neste regulamento.

e) Non ter propiedades ou usufructos de bens móbeis ou inmóbeis que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera outra forma de explotación, indique, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto destas prestacións económicas.

f) Ter exercitadas as accións pertinentes para a cobranza de calquera crédito que puidese corresponderlles e do que teñan coñecemento en virtude de título legal ou convencional.

g) Carecer de persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil. A xuízo do órgano de resolución, poderase eximir deste requisito a aqueles solicitantes dos que se prevexa que a obriga de prestar alimentos non se pode facer efectiva por malos tratos ou relacións familiares deterioradas ou inexistentes de que exista constancia no expediente.

Non obstante, considérase que non teñen a obriga de prestar alimentos os parentes que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concurrentes, non poden facer fronte ou atender as

necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou dos familiares ao seu cargo. As circunstancias constarán claramente no informe social correspondente.

h) En caso de cumprir os requisitos anteriores, comprometerse a participar no itinerario de intervención social deseñado con base nas necesidades sociais valoradas polo traballador social/pola traballadora social da unidade de traballo social de referencia, co obxecto de resolver a situación de carencia que dá orixe á solicitude desta prestación. A aceptación e o cumprimento das accións contidas no itinerario de intervención social por parte do beneficiario/da beneficiaria será condición necesaria para a percepción da prestación económica.

### **Artigo 5%. Documentación**

Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI ou tarxeta de residencia do solicitante/da solicitante.

2. Fotocopia do libro de familia, de ser o caso.

3. Certificación de empadramento e convivencia.

4. Declaración responsábel do solicitante/da solicitante na que faga constar se solicitou e/ou percibiu durante o ano en curso algunha outra subvención ou axuda polo mesmo concepto e, en caso afirmativo, a súa contía e orixe.

5. Xustificante do gasto para o que solicita a prestación.

6. Fotocopia da declaración da renda do último ano ou, de non a ter a obriga de presentala, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.

7. Certificación da Axencia Tributaria sobre a declaración do patrimonio.

8. Certificado do Catastro.

9. Imposto de actividades económicas, de ser o caso.

10. Xustificante de ingresos da unidade de convivencia:

\* Fotocopia da nómina do último mes. En caso de non ter nómina, declaración xurada de ingresos e certificación do INEM acreditativa de estar en situación de desemprego e/ou de percepción de prestacións, segundo o caso.

\* Nos casos de pensionistas ou persoas perceptoras de prestacións públicas, certificación emitida polo organismo correspondente.

\* Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador, se existe.

11. Calquera outra documentación que se considere necesaria para acreditar as circunstancias que se aleguen.

### **Artigo 6%. Obrigas dos beneficiarios/das beneficiarias**

As persoas beneficiarias do proxecto MAPIS teñen a obriga de:

1. Destinar o importe da prestación económica ao fin para o que se concede.

2. Participar nas accións ou actividades que se determinen de acordo co beneficiario/beneficiaria dentro do itinerario de intervención social.

3. Comunicar as variacións sobrevidas que, consonte o proxecto MAPIS, puidesen dar lugar á súa modificación ou baixa.

4. Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponderlle segundo a lexislación vixente consonte o establecido no artigo 4 deste regulamento.

5. Cantas outras obrigas deriven do obxecto e da finalidade do proxecto MAPIS.

### **Artigo 7%. Motivos de baixa no proxecto MAPIS**

Considéranse motivos de baixa no proxecto MAPIS os seguintes:

1. Desaparición das causas e/ou perda dalgún dos requisitos esixidos para a participación nel.

2. O vencemento do período de concesión.

3. A renuncia escrita do beneficiario/da beneficiaria a seguir participando no proxecto MAPIS, que constará no expediente.

4. O incumprimento do contido establecido no itinerario de intervención social, por causas imputábeis ao beneficiario/á beneficiaria.

5. A ocultación, falseamento de datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a participación no proxecto MAPIS.

No suposto en que a baixa se producise en virtude destes incumprimentos, non se lle poderá recoñecer á persoa solicitante un novo dereito a participar no proxecto MAPIS ata que transcorra un ano desde a data en que se ditase a resolución de baixa.

6. A non comunicación á traballadora social/ao traballador social da unidade de traballo social correspondente das circunstancias que

poidan incidir no normal cumprimento do establecido no itinerario de inserción social.

### **Artigo 8%. Réxime de incompatibilidades**

a) Estas prestacións terán un carácter finalista e serán compatíbeis entre si. Non obstante, cando coincidan as solicitudes de vivenda/aloxamento coas de manutención, a contía total a conceder non poderá exceder ao mes do 75% do salario mínimo interprofesional vixente.

b) Ninguén poderá beneficiarse asemade de máis dunha prestación para a mesma finalidade, calquera que sexa a administración pública outorgante, agás o expresado no parágrafo seguinte.

O importe das axudas concedidas polas distintas administracións públicas non poderá superar o custo total da necesidade pola que solicitou a axuda.

c) En xeral, será compatíbel o goce pola mesma persoa beneficiaria ou outro membro da unidade familiar de convivencia, de varias prestacións económicas e a utilización gratuíta por esta dos recursos das administracións públicas ou de entidades privadas financiadas con fondos públicos, cando teñan distinta natureza, atendan diferentes necesidades, dentro dos límites e contías económicas establecidas.

## **CAPÍTULO II. GASTOS SUSCEPTÍBEIS DE AXUDA**

As prestacións económicas concrétnanse nas seguintes modalidades:

1. Necesidades básicas, en concepto de:

a) Vivenda/aloxamento: dirixidas a sufragar os gastos derivados do pago mensual da vivenda habitual.

b) Manutención: dirixidas a cubrir gastos de alimentación.

c) Outras que, con carácter puntual, están destinadas a cubrir gastos excepcionais de urxente necesidade por distintos conceptos (por exemplo: vestido ou coidados sanitarios, cando non se poidan cubrir con outros sistemas de protección.)

2. Prevención/Integración, en concepto de:

a) Comedor escolar: dirixidas a garantir a manutención dos menores escolarizados, previndo o absentismo escolar e a desnutrición, de xeito que favoreza a conciliación da vida familiar e laboral.

b) Actividades: para fomentar a integración social dos solicitantes/das solicitantes no contorno, a participación na vida comunitaria, a prevención de situacións de risco e a promoción da

vida cultural e social (por exemplo: actividades extraescolares ou formación de adultos.)

### **CAPÍTULO III. IMPORTE, DURACIÓN E LÍMITE DE RECURSOS DAS PRESTACIÓNS**

#### **Artigo 9%. Importe, duración e límite de recursos das prestacións**

A concesión destas axudas terá como límite global as dispoñibilidades orzamentarias consignadas para esta finalidade.

As prestacións económicas mencionadas configúranse do seguinte xeito:

#### **1. Necesidades básicas**

##### **a) Vivenda/aloxamento:**

Importe mensual. A contía máxima que se poderá conceder será o 75% do custo mensual da vivenda, cun límite do 50% do Salario Mínimo Interprofesional mensual (en diante SMI) vixente.

Límite de recursos: Os ingresos mensuais teñen que ser iguais ou inferiores ao importe mensual do 75 % do SMI vixente, incrementado nun 10 % por membro adicional, ata un máximo de cinco membros por unidade familiar de convivencia.

Duración: Ata seis meses, nun período dun ano.

##### **b) Manutención**

Importe mensual: A cantidade máxima que se poderá conceder será o 50% do SMI vixente.

Límite de recursos: Ingresos iguais ou inferiores ao importe mensual do 50% do SMI vixente.

Duración: Ata seis meses, nun período dun ano.

##### **c) Outras**

Importe: A cantidade máxima que se poderá conceder será o 100% do gasto ocasionado. En caso de ter concedidas distintas axudas dentro da modalidade "nutras", o importe máximo anual por todos os conceptos non poderá superar o 133% do SMI mensual vixente.

Límite de recursos: Ingresos iguais ou inferiores ao importe mensual do SMI vixente incrementado nun 10% por membro adicional, ata un máximo de cinco membros por unidade familiar de convivencia.

Duración: Pagamento único, por concepto.



## **2. Prevención/Integración**

### **a) Comedor escolar**

Importe mensual: A cantidade máxima a conceder será:

- o 50 % do custo do comedor, por praza ou

- o 90% do custo do comedor, por praza, dependendo do límite de recursos establecido no punto seguinte.

O mencionado importe non poderá superar o 17% do SMI vixente.

Límite de recursos:

1. Ingresos mensuais iguais ou inferiores ao importe mensual do 60% do SMI vixente, incrementado nun 10% por membro adicional, ata un máximo de cinco membros por unidade familiar de convivencia.

2. Ingresos comprendidos entre o 60% e o 100% do SMI vixente.

Duración:

Curso escolar. Para os efectos do pagamento da prestación económica, terase en conta o principio de anualidade orzamentaria.

### **b) Actividades:**

Importe: A cantidade máxima que se poderá conceder será o 100% do custo da actividade.

Límite de recursos:

Ingresos iguais ou inferiores ao importe mensual do SMI vixente, incrementado nun 10% por membro adicional, ata un máximo de 5 membros por unidade familiar de convivencia.

Duración:

A duración da actividade subvencionada, tendo en conta o principio de anualidade orzamentaria.

O beneficiario / a beneficiaria das prestacións será sempre o solicitante/a solicitante do proxecto MAPIS, independentemente de quen sexa a persoa titular da conta bancaria en que se realice o ingreso da prestación económica concedida.

## **CAPÍTULO IV. XESTIÓN E TRAMITACIÓN**

### **Artigo 10%. Procedemento**

1. Presentación de solicitude pola persoa interesada mediante instancia normalizada no Rexistro do Concello ou nas unidades de traballo social, que a remitirán ao Rexistro Municipal.

2. Á solicitude acompañarase a documentación sinalada no artigo 5% deste regulamento.

3. Unha vez recibida no centro de Servizos Sociais a instancia rexistrada e a documentación que a acompaña, comprobarase que a documentación está completa. En caso de que se detecte algunha falta na presentación da solicitude ou non se acompañara ningún dos documentos esixidos neste regulamento, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de dez días, corrixa os defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos. De non facelo así entenderase que desiste do seu pedimento, previa resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (Lei 30/92).

4. Emisión do informe social e do itinerario de intervención social pola traballadora social/polo traballador social da UTS.

5. Informe de avaliación da xefa de sección/do xefe de sección de Servizos Sociais.

6. Acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente e informe de fiscalización.

7. Proposta da concelleira delegada/do concelleiro delegado de Servizos Sociais.

8. Resolución por parte da Xunta de Goberno Local.

9. Notificación da resolución á persoa interesada.

### **Artigo 11%. Xustificación**

Estas subvencións non requirirán outra xustificación diferente da acreditación da dita situación, previamente á concesión e que deberán constar expresamente no informe do responsábel/da responsábel do departamento de Servizos Sociais, sen prexuízo dos controis que poidan establecerse para verificar a súa existencia.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Única. A concesión destas axudas terá como límite global as dispoñibilidades orzamentarias consignadas para esta finalidade.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Este regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.) e transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Lei 7/85).

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2004.

O ALCALDE,

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo